

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 02 DE FEBREIRO DO 2023.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p align="center">-----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dous de Febreiro do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 26/01/2023

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202301/277**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27/01/2023. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE VARANDA NA AVENIDA DO MALECÓN""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.12.2022:

20355 21.10.2022 BEATRIZ FERNÁNDEZ PERNAS, pintar fachada, en rúa do Porto, 52, Corrubedo.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 03.01.2023:

20908 31.10.2022 ABDESSLAM HAMDANNE EL MRABET, instalación interior de fontanería, en rúa Rosalía de Castro, 41-1ªizqda., Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.01.2023:

23179 01.12.2022 CONCEPCIÓN GUDE ARESTÍN, retirada de cierre actual y colocación de uno nuevo, en rúa Nova, 19, Castiñeiras.

23134 01.12.2022 Mª. JESÚS FURELOS FERREIRÓS, cambio de ventanas, en rúa Vionta, 5-2ª-D, Ribeira.

---

### 4.- LEGALIZACIÓN OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN HOTEL RÍO AZOR. LOCALIZACIÓN: RÚA RÍO AZOR, LUGAR DE INSUELA, PALMEIRA (RIBEIRA). PROMOTORES: HOTELES RÍO AZOR S.L.

**VISTA** a solicitude licenza de **LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN E EDIFICACIÓN DE HOTEL RÍO AZOR**, no lugar de **INSUELA, PALMEIRA (RIBEIRA)** da que son promotores **HOTELES RÍO AZOR S.L.**

**VISTO** o **informe técnico favorable** emitido pola arquitecta técnica municipal Dna. Nuría Morgade Pouso con sinatura dixital o día **13 de decembro de 2022**,

**VISTA** a **Autorización de Costas da Xunta de Galicia** na zona de servidume de tránsito e de servidume de protección do dominio público marítimo- terrestre, en Insuela, Palmeira, con data **11 de marzo de 2021**, Exp.: A-2017/019 asinada pola xefa do servizo Helena Mosquera García,

**VISTA** a **Autorización de Augas de Galicia** de día **17 de decembro de 2021** Exp. DH.W15.81545 para executar de obras de substitución de pavimentos en aparcamento e construción dun foxo de formigón para depósito, no lugar de Insuela, Ribeira, asinada polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro D. Jesús Antonio Manrique Merino, polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico D. Roberto Arias Sánchez e pola directora de Augas de Galicia Dna.Teresa Mª Gutiérrez López,

**VISTO** o **informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio** Expediente IET: P-22-277 asinado o día **22 de maio de 2022** polo director do departamento técnico de estudos D. José Antonio Serantes Barbeito.



**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe** favorable emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ó Departamento Municipal de Urbanismo de data **23 de decembro de 2022** e o informe do **secretario xeral da Corporación de data 27 de decembro de 2022**.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade **HOTELES RÍO AZOR S.L. LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA (Nº 2/23)**, consistentes nos peches de contención e valado de parcela (art. 50.1.b RLSG), instalacións de carácter deportivo e de baño (art. 50.1.d RLSG), construcións e instalacións para equipamentos públicos ou privados (art. 50.1.p RLSG), ao longo das parcelas con refª catastral 15074A007007430000KZ e 15074A007004350000KP, asociadas a edificación destinada a uso hoteleiro, para dar cumprimento á resolución do expediente sancionador S-133/2003, da Xunta de Galicia\_Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, por obras abusivas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no lugar de Insuela, Palmeira (Ribeira), nos termos do Proxecto de Corrección do anexo de urbanización para cumprimento de resolución do expediente sancionador S-133/2003 por obras abusivas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, en Insuela, Palmeira, concello de Ribeira, redactado pola arquitecta Miryan Norat Deza visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2022 - nº visado 2102149.4.

**SEGUNDO.-** Dita legalización non inclúe a edificación auxiliar do hotel que alberga a instalación de paneis solares, porque segue sen cumprir o retranqueo mínimo de 5 m a lindeiros, e que segundo a proxectista será obxecto dunha solicitude de legalización posterior.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*



- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións



serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 5.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Gerencia Territorial del Catastro de Galicia (A Coruña)

**Visto** o escrito presentado pola **Gerencia Territorial del Catastro de Galicia (A Coruña)**, de data 19/12/2022 (Registro de entrada nº 24.287), no que solicita información urbanística en relación á relación de bens inmobles cuio tutular se descoñece (Expediente núm.: 1640144.15/22).

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/01/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

ASUNTO: Titulares catastrales desconocidos o en investigación

SOLICITANTE: Gerencia Regional del Catastro de Galicia-A Coruña

Expediente núm.: 1640144.15/22

REFERENCIA CATASTRAL	DENOMINACIÓN	PARAXE	TITULAR CATASTRAL
15074A93817710UZ	XARÁS	PEÑAL DE TOMAS	Mallo Area SL (Licenza segregación 9/17) - Kibu Inmuebles SLU
15074A006004300KL	Deán Pequeno	Conlleira	Poboado Xitano
15074A051001410KM	Buenos Aires	Buenos Aires	Mª Belén Beristain Mugaraza-Juan Sayar García
15074A06017570KK	Deán Pequeno	Sidreiras-Anovado	Poboado Xitano



0422419NH0102S1WH	Álvaro Cunqueiro		Descoñecido
8984102MH9088N1PW	Vella		Descoñecido
15074A938017740UW	Polígono Industrial		Concello de Ribeira?
0514603NH0101S1007WE	Marcial Adalid		Concello de Ribeira?
0616302NH0101N87KU	Otero Pedrayo		Descoñecido
15074A007008450KB	Insuela		Sofía Álvarez-Pardiñas Romero
15074A019003350KE	Ameixida		Vicente Lampón Lampón
15074A007009420KB	Pedra Agra	Pedra da Aiga	Sofía Álvarez-Pardiñas Romero
15074A006017161LA	Deán Pequeno		Poblado Gitano
15074A026001640KT	A Cerca	Agros da Cerca	Ramona, María, Manuela, Manuel e José Ayaso Ayaso
15074A006008970KH	Deán Pequeno	Anovado	José Lijó Pena
15074A035000380KU	Moldes	Lomba	José González Millán
15074A902009130UK	Ponte	Souto	MVMC Artes
15074A838001020ZB	Cudieiros	Fontenla	Ramona Rivas Sieira
15074A007002171LP	Saiñas	Gándaras	Sofía Álvarez-Pardiñas Romero
15074A010000281LT	Frións	Pinche	Natalia Pérez Mos
15074A043002660KI	Campelos	Gandarón	María Ouviaña González
15074A019015170KM	Ameixida		Descoñecido
15074A835001120ZG	Revaleiras	Revaleiras	Descoñecido
9184214MH9098S1AF	Castelao		Descoñecido
9086533MH9098N1BY	Castelao,1		Descoñecido

## 6.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Gómez Valiño

**Visto** o escrito presentado por **María Gómez Valiño**, de data 18/01/2023 (Rexistro de entrada nº 1.414), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A044000490000KI.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/01/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A044000490000KI.

## 7.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA (LICENZA DE OBRA Nº 45/19 - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 28/11/2019). LUGAR: LUGAR DE CELEIRÁNS, AGUIÑO (RIBEIRA). PROMOTOR: JONATHAN CERNADAS FERNÁNDEZ

**VISTA** a solicitude de **licenza de primeira ocupación** para **VIVENDA UNIFAMILIAR DE DE PLANTA BAIXA** construída ao amparo da **licenza de obra nº 45/19 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de novembro de 2019)**, da que é promotor **JONATHAN CERNADAS FERNÁNDEZ**.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** con data **26 de decembro de 2022**, tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación onde fai constar que que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade,



axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente; o informe emitido con data **17 de xaneiro de 2023** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo**, e o informe de data **19 de xaneiro de 2023** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

Considerando que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Jonathan Cernadas Fernández LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa construída ao amparo da licenza de obra nº 45/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2019 na Rúa Celeirás, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8284915MH9088S0000EO, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de abril de 2022 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación asinados polo arquitecto D. José A. Gómez Domínguez (col. nº 4.169), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por D. Rosete Guzmán Palacios Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 23 de decembro de 2022.

**SEGUNDO.-**O interesado deberá actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**TERCEIRO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231023320
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/02/2023		Fecha: 03/02/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/02/2023		Hora: 09:31
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/02/2023 09:31:16		



**8.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANTONIO ALBERTO HERNÁNDEZ DEL ROSAL, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. MANUEL REGUEIRA MOS POLOS DANOS NUN VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD POR MOR DUN ACCIDENTE NA ESTRADA. EXPEDIENTE 2022 RESP000004.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL REGUEIRA MOS** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 02 de setembro de 2021, D. Manuel Regueira Mos, con DNI número 52450320Q, circulaba no seu vehículo con matrícula 0974 GWR pola rotonda de Xarás, cando sufriu unha caída por mor dunha mancha de gasoil de considerables dimensións existente na calzada, que provocou que esvarase coa súa moto, caendo ó chan.

Segundo.- Como consecuencia deste accidente, o vehículo do Sr. Regueira Mos sufriu diversos danos obxecto de reparación, cuxo importe ascende á contía de 2.286,42 euros.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/03/2022 co número 20224523, D. Manuel Regueira Mos, representado por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no seu vehículo matrícula 0974 GWR, solicitando unha indemnización total de 2.286,42 euros.

Co escrito de presentación da súa reclamación achega a seguinte documentación: escrito de autorización e non indemnización; permiso de circulación do vehículo; ficha técnica do vehículo; informe pericial; e Atestado realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 23/08/2022 pola Policía Local; informe emitido na data 29/09/2022 pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña; Informe emitido polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, rexistrado de entrada na data 20/09/2022 co número 2022 00017982; e informe emitido na data 28/10/2022 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte do Sr. Regueira Mos realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 25/11/2022 co número 2022 00022796, e no que solicita que se dite resolución na que se declare a responsabilidade patrimonial do Concello e se indemnice ó reclamante nos termos solicitados.

Á súa vez, a entidade Mapfre, aseguradora do Concello de Ribeira, presenta escrito no que dispón que *“Con motivo de la comunicación que hemos recibido, le informamos que una vez analizados todos los detalles y circunstancias, comprobamos que no se concluye responsabilidad que le pudiera ser imputable, toda vez que el lugar donde se produce el accidente en la rotonda de Xarás, no es de titularidad municipal con lo que la conservación y mantenimiento no corresponden al asegurado.”*





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser



abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimado o Sr. Regueira Mos para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende por ser o titular do vehículo accidentado**, tal e como consta na documentación presentada polo reclamante e no informe emitido na data 29/09/2022 pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña. E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do accidente.

Actúa representado por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal, que acredita a súa representación mediante escrito de autorización do Sr. Regueira Mos.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada, cómpre ter en conta que **o dano material ten que ser aceptado como certo á vista do Atestado número 27/2021 realizado pola Policía Local do Concello de Ribeira e do informe pericial que constan no expediente.**

**Enténdese, sen embargo, e ó amparo dos informes obrantes no expediente, que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente**, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia, mantemento e conservación do mesmo.

Así, tanto no Atestado número 27/2021, como no informe emitido polo Sarxento-Xefe do Parque Comarcal de Bombeiros de Ribeira, dispónse que o lugar do accidente é a rotonda que enlaza o Polígono Industrial de Xarás coas estradas AC-550 e CP-7304 e a saída da autovía AG-11.

No informe emitido pola Policía local na data 23/08/2022 na instrución deste expediente, na que se solicitaba que se indicase a titularidade da estrada na que tivo lugar o accidente, dispónse que **“No día dos feitos a titularidade da estrada é a comarcal AC550.”**

Por outra banda a enxeñeira municipal en informe emitido na data 28/10/2022, dispón que: **“En relación al expediente de referencia se afirma que, de conformidad con lo dispuesto en el informe policial de 23/08/2022 que consta en el expediente, el lugar donde se produjo el accidente es la rotonda de Xarás, que es una rotonda que enlaza el Polígono Industrial de Xarás con las carreteras AC-550 y CP-7304 y la salida de la autovía AG-11, no siendo de titularidad municipal, por lo que su mantenimiento y conservación no corresponde al Concello de Ribeira.”**

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrencia ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.



#### FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/02/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/02/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/02/2023 09:31:16



Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 26/01/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Manuel Regueira Mos polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

**SEGUNDO.-** Remitir ás actuacións á administración autonómica e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

---

**9.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JUAN MANUEL OLVEIRA ALCALDE, POLOS DANOS OCASIONADOS NO PECHE DUNHA LEIRA POR MOR DAS LABORES DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2022 RESP00012.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JUAN MANUEL OLVEIRA ALCALDE** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

**Primeiro.-** Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 23/5/2022 co número 9.598, D. Juan Manuel Olveira Alcalde, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados no mes de maio do ano 2022 no peche dunha leira situada no Rueiro de Abaixo, Bretal, como consecuencia das labores de desbroce que estaban realizando os operarios municipais.

**Segundo.-** Por Decreto da Alcaldía de data 06/09/2022, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade dos bens danados nun a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

**Terceiro.-** Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 06/09/2022, foi practicada ó/á reclamante na data 29/09/2022.

**Cuarto.-** Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**



**PRIMEIRO.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

**CUARTO.-**

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesada, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

**QUINTO.-**

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 26/01/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Juan Manuel Oliveira Alcalde**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 23/5/2022, co número 9.598, e **declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 06/09/2022, notificado na data 29/09/2022.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**10.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES - CONSERVATORIO**



**VISTA** a proposta presentada polo **Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira**, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/01/2023, relativa á resolución do presidente da Deputación núm. 54495, do 30 de decembro de 2022, na que se aprobaron as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2023 (BOP núm. 4, de 5 de xaneiro de 2023)

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio de Música Profesional Enrique Paisal por importe de 20.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

---

#### 11.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES - MUSEO

**VISTA** a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 26/01/2023, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2022”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 14, de data 20/01/2023).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2022”, – **Museo Municipal de Ribeira**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

---

#### 12.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES - DEPORTES



**VISTA** a proposta presentada polo **Xerente de Actividades Deportivas**, Miguel Ruiz Rivas, de data 26/01/2023, relativa ás “Bases reguladoras en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2023”, publicadas no BOP núm. 5 de data 05/01/2023, e a súa convocatoria publicada no BOP núm. 10 de data 16/01/2023.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda por importe de 15.000 euros, co obxecto **“Mantemento do persoal técnico municipal con titulación universitaria” (Modalidade B)**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización das actividades, e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

### 13.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES - SLN

**VISTA** a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación**, Juana Brión Santamaría, de data 26/01/2023, relativa á convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2023 (BOP nº 6, do 10 de xaneiro de 2023).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na antedita convocatoria e solicitar unha subvención dunha contía de 15.000 € para o financiamento das retribucións da técnica do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2023.
- 2.- Facultar a Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

---

#### 14.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES – Ler conta moito 2023

**VISTA** a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación**, Juana Brión Santamaría, de data 26/01/2023, relativa á Orde do 19 de decembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases para a concesión de subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (DOG nº 17 do 25/01/2023).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.** Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para a dinamización da lectura.

Segundo se recolle no artigo 8, a subvención solicítase para a contratación de actividades de dinamización da lectura, das que un mínimo de dúas estean no Catálogo Ler conta moito 2022.

**Segundo.** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

---

#### 15.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES – Novidades editoriais en galego e mellora das coleccións bibliográficas

**VISTA** a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación**, Juana Brión Santamaría, de data 26/01/2023, relativa á Orde do 2 de decembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións bibliográficas (programa B), (DOG núm. 8 do 12/01/2023).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.** Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións bibliográficas (programa B).

**Segundo.** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

---

#### 16.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- P.M.



Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 24/01/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **P.M.**, mediante escrito de data 18/01/2023 (Rexistro de entrada nº 1.466).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 23/01/2022, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Conceder a P.M.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **484,00 €**, en concepto de realoxo temporal durante 20 días no Hostal Coral (Ribeira).

### 17.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN E A ASOCIACIÓN PROTECTORA "SAVE AN ÁNGEL-LOS OLVIDADOS DE LA PERRERA DE RIBEIRA- ADOPTA"

Visto o expediente tramitado para para a prestación dos servizos de recollida, aloxamento, mantemento e xestión do Centro de recollida de cans e gatos no termo municipal de Ribeira, mediante a modalidade de convenio.

De conformidade coas bases que rexen o concurso público para a selección de entidade ou asociación de protección e defensa dos animais para a prestación dos servizos de recollida, aloxamento, mantemento e xestión do Centro de recollida de cans e gatos no termo municipal de Ribeira, mediante a modalidade de convenio (aprobadas en sesión de XGL de data 12/05/2022), foron presentadas de forma completa, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), as ofertas seguintes:

- Oferta única presentada: "Asociación Save an Angel-Los Olvidados de la Perra de Ribeira- Adopta".

Vista a Memoria Técnica explicativa presentada por SAVE AN ANGEL. OS ESQUECIDOS DA CANCEIRA DE RIBEIRA. CIF: G70531041.

De conformidade ca Base 14.4, deberase acreditar con anterioridade á firma do convenio, que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (AEAT/ATRIGA/CONCELLO) e fronte á Seguridade Social.

Dentro do prazo concedido a asociación SAVE AN ANGEL presentou a documentación requirida.

De conformidade á Base 14.3 do concurso público para a selección de entidade, á vista da valoración dos criterios técnicos e económicos, o Técnico de Medio Ambiente, propoñerá á asociación designada para formalizar o convenio.

Vista a proposta para formalizar o convenio realizada polo Técnico de Medio Ambiente, de data 11/01/2023, na que propón que se formalice convenio coa única asociación presentada e valorada: "Asociación Save an Angel-Os Esquecidos da Canceira de Ribeira- Adopta".

Visto o informe favorable de Intervención de data 30/01/2023.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30/01/2023, relativa á aprobación do *Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Protectora "Asociación Save an*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231023320
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/02/2023		Fecha: 03/02/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/02/2023		Hora: 09:31
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/02/2023 09:31:16		





*Ángel-los olvidados de la perrera de Ribeira- Adopta” para a recollida de animais soltos, aloxamento, mantemento e xestión do centro de recollida de cans e gatos no termo municipal de Ribeira.*

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e debate sobre o expediente da súa razón, adopta **ACORDO** favorable sobre o seguinte:

**Primeiro.-**Aprobar o Convenio de colaboración entre o **CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA “ASOCIACIÓN SAVE AN ANGEL-LOS OLVIDADOS DE LA PERRERA DE RIBEIRA- ADOPTA” PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA.**

**Segundo.-** Publicalo presente acordo na Sede electrónica municipal para xeral coñecemento.

**Terceiro.-**Facultar ao Sr. Alcalde Presidente, de acordo coas súas competencias, para a firma do mesmo e realización de cantas xestións deriven da súa aplicación.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo á “Asociación Save an Angel-Los Olvidados de la Perrera de Ribeira- Adopta”.

---

#### **18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA “3ª QUEDADA” DE VEHÍCULOS CLASICOS – Óscar Lorenzo Rodríguez**

**Visto** o escrito presentado por José A. Torrado Ferreiros, en representación de **Óscar Lorenzo Rodríguez** (Presidente da Asociación Clásicos do Barbanza), de data 31/01/2023 (Rexistro de entrada nº 2.607), no que solicita autorización para a celebración da 3ª Quedada en Ribeira o día 26/02/2023, coa ocupación de vía pública na Avenida do Malecón, Explanada de Coroso, Rúa dos Estudantes..., así como a colaboración municipal con material de seguridade viaria (valados portátiles, conos...).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a celebración da 3ª Quedada en Ribeira o día 26/02/2023, coa ocupación de vía pública na Avenida do Malecón, Explanada de Coroso, Rúa dos Estudantes..., así como a colaboración municipal con material de seguridade viaria (valados portátiles, conos...).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

---

#### **19.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – TÉCNICO CULTURA**

**VISTA** a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 01/02/2023, relativa á convocatoria do programa FO206/2023 de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 20, de data 30/01/2023).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico nos servizos de cultura en 2023” na modalidade B: mantemento do posto de traballo de técnico en xestión cultural para a praza correspondente ao Programador de Exposicións (persoal técnico en xestión cultural, grupo II).
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se solicitan.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida, así como declarar o compromiso de utilización da lingua galega na realización e desenvolvemento dos proxectos e actividades organizadas e incorporar con carácter xeral a transversalidade de xénero a través dunha linguaxe non sexista e inclusiva nas accións.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

## 20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS (CONCERTOS) EN LOCAL DE HOSTALERÍA - COMPLEJO MARTÍNEZ TORRES, S.L.

**VISTO** o escrito presentado por Ángel Martínez Fernández, en representación do establecemento **COMPLEJO MARTÍNEZ TORRES, S.L.**, de data 01/02/2023 (Rexistro de entrada nº 2.718), no que solicita permiso para eventos musicais (concertos) no establecemento hostaleiro “A Caseira”, situado na Rúa de Portugal (Ribeira), os días 3, 10, 17, 18 e 20 de febreiro de 2023, en horario de 22:00 h. a 02:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **COMPLEJO MARTÍNEZ TORRES, S.L.**, para eventos musicais (concertos) no establecemento hostaleiro “A Caseira”, situado na Rúa de Portugal (Ribeira), os días 3, 10, 17, 18 e 20 de febreiro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e na que se establece:

“(…)

### 5.- DATAS E HORARIOS:

**5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”:** entre 13.00 h e 16.00 h.

#### **5.2. Interior de Locais:**

**5.2.1. Café Bar:**



Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.  
Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.2. Cafetería:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.  
Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.3. Pubs e café concerto:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h  
Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

**5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:**

Venres: de 20.00 h a 23.00 h  
Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

**ACLARACIÓN:** Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

**SEGUNDO.-** Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de COMPLEJO MARTÍNEZ TORRES, S.L. (**Ángel Martínez Fernández**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



*vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.*

- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

